



Unión Europea

# AESS 2020

A ESTRADA SOCIAL E SOSTIBLE 2020

**ACTA DA REUNIÓN DA UNIDADE  
DE XESTIÓN PARA APROBACIÓN  
DAS BASES DA CONVOCATORIA  
PARA A PRESENTACIÓN DAS  
DE EXPRESIÓNS DE INTERESE DE  
AESS2020 – A ESTRADA SOCIAL E  
SOSTIBLE 2020**



## ACTA DA REUNIÓN DA UNIDE DE XESTIÓN

Data: 11/10/17

Hora: 10:00h

Lugar: Sala de xuntas do concello de A Estrada

### PARTICIPANTES:

- Membros da unidade de xestión:
  - D. José Carlos López Campos. Responsable da unidade de xestión con capacidade para dictar resolucións administrativas
  - D<sup>a</sup> María Jesús Fernández Bascuas. Membro unidade de xestión

### ORDE DO DÍA:

1. Revisión do borrador de bases da convocatoria para presentación de expresións de intereses no marco da EDUSI AESS2020.

### DESOLVEMENTO DA REUNIÓN:

As 10.00h da comezo a sesión procedendo a tratar o único punto recollido na orde do día e recollendo os antecedentes que motivan a celebración da reunión.

### TEMAS TRATADOS:

1. **Revisión do borrador de bases da convocatoria para presentación de expresións de intereses no marco da EDUSI AESS2020.**

No desenvolvemento das atribucións asignadas á Entidade DUSI como Organismo Intermedio Lixeiro das axudas do POCS do FEDER, o **Concello de A Estrada** elaborou un Manual co obxecto de recoller os Procedementos establecidos para a realización das funcións delegadas pola Autoridade de Xestión no referente ás Actuacións cofinanciadas polo POCS FEDER no período de programación 2014 – 2020 dentro da súa Estratexia DUSI “**A Estrada Social e Sustentable 2020 (AESS2020)**”.

Este manual é destinado a todos os axentes do Concello que interveñen na xestión dos Fondos FEDER da EDUSI, e é de obrigado cumprimento para os compoñentes da Unidade de Xestión (UG) encargada das funcións delegadas pola Autoridade de Xestión (Selección de Operacións. O manual de selección de operacións pode consultarse na web do proxecto: <http://aess2020.gal/>



No manual de selección de operación da EDUSI, establecece que a Unidade de Xestión é un organismo de selección de operacións creado especificamente no marco da EDUSI para o exercicio da función delegada de selección de operación e que fará pública a Convocatoria de Solicitud de Financiamento de Operacións no marco da EDUSI, para que calquera Beneficiario (Unidade Executora) presente unha solicitude de financiamento para unha operación mediante a correspondente Expresión de Interese.

No marco destas obrigacións da Unidade de Xestión, D<sup>a</sup> María Jesús Fernández Bascuas (membro da unidade de xestión) presenta para análise e revisión por parte do organismo da unidade de xestión o borrador das bases da convocatoria para a presentación de expresións de intereses no marco da EDUSI AES2020, ca seguinte estrutura:

1. ANTEDECENTES
2. OBXECTIVO DAS BASES
3. DOTACIÓN ORZAMENTARIA
4. CRITERIOS DE SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE OPERACIÓNS
5. BENEFICIARIOS DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓN DE INTERESE
6. PRAZO DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓN DE INTERESE
7. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E XESTIÓN DA CONVOCATORIA DE EXPRESIÓN DE INTERESE
8. CONDICIÓNS DE ELEXIBILIDADE PARA OS GASTOS INCLÚIDOS NAS OPERACIÓNS SELECCIONADAS
9. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS EN MATERIA DE COMUNICACIÓN
10. MODELO DE EXPRESIÓN DE INTERESE
11. MANUAL DE SELECCIÓN DE OPERACIÓNS

Revisado o contido das bases por parte dos membros da Unidade de Xestión, acórdase por unanimidade dos membros da Unidade de Xestión:

- Aprobar as bases que rexerán na convocatoria para a presentación das expresións de interese no marco da EDUSI AES2020-A Estrada Social e Sostible 2020.
- A difusión das bases a través da páxina web do proxecto (<http://aess2020.gal/>) para coñecemento das Unidades Executoras do concello da Estrada.
- A comunicación a través do correo electrónico da Unidade de Xestión da EDUSI ([unidad.gestion.edusi@aeestrada.gal](mailto:unidad.gestion.edusi@aeestrada.gal)) ás Unidades Executoras da apertura oficial da convocatoria pública para a presentación de expresións de interese no marco da Estratexia DUSI " AES2020" así como o acceso a información relacionada coa EDUSI e fondos FEDER e a documentación asociada ao procedemento de presentación de expresións de interese.





E para que así conste, en A Estrada a 11 de outubro de 2017, firman a presente os asistentes.

RESPONSABLE UNIDADE DE XESTIÓN CON  
CAPACIDADE PARA DICTAR RESOLUCIÓNS  
ADMINISTRATIVAS

MEMBRO UNIDADE DE XESTIÓN

José Carlos López Campos

María Jesús Fernández Bascuas